

PROPOSTA DE BASES E SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DO DESFILE DE ENTROIDO, RIBADEO 2026.

O Concello de Ribadeo en colaboración coa Comisión de Carnavales de Ribadeo, dentro da súa oferta cultural para 2026, pretende levar a cabo a organización do DESFILE DE ENTROIDO 2026, o que supón entre outros aspectos o outorgamento de premios en metálico.

Consideramos que, ao formar parte esta celebración das festas tradicionais, contribúe á conservación do noso patrimonio e ao mesmo tempo á revitalización do tecido social e económico, nomeadamente neses días de celebración.

Vista a providencia da Alcaldía de data 19 de xaneiro de 2026 na que se solicita a elaboración das bases, facemos a seguinte proposta ao alcalde da Corporación para a aprobación das BASES DO CERTAME DE ENTROIDO 2026 que inclúan as seguintes estipulacións:

- **PARTICIPANTES.** A participación está aberta a todas as asociacións, colexios e persoas físicas que soliciten a inscrición.

- **MODALIDADES E GRUPOS DE PARTICIPACIÓN.** As persoas participantes poderán concursar nas modalidades de:

- **MASCARITA:** personaxe tradicional do Entroido ribadense que se caracteriza polo seu espírito argalleiro e satirizo. Poden optar a premio tanto os que participen de maneira individual como as persoas que o fagan en parella ou grupo.
- **CHARANGAS E/OU COMPARSAS** (Agrupación formada por 10 ou máis persoas disfrazadas en base a un tema común).
- **CARROZAS** (Estarán remolcadas por vehículo ou construídas sobre vehículo. Haberá actuación dos/as participantes sobre a carroza. A carroza deberá garantir a seguridade dos/as participantes e espectadores.)
- **GRUPOS ADULTOS** (Agrupación de mínimo 3 persoas)
- **PARELLAS ADULTOS**
- **INDIVIDUAL ADULTO**
- **GRUPO INFANTIL** (Agrupación de mínimo 3 persoas)
- **PARELLA INFANTIL**
- **INDIVIDUAL INFANTIL**
(Categorías infantís considéranse ata 16 anos)



- INSCRIPCIÓN.

Información: Para obter información sobre a maneira de inscribirse recomendamos chamar ao teléfono da oficina (982 131 565), en horario de 10.00 a 14.00 h.

Inscripción previa:

- **A inscrición pode realizarse** no Rexistro das oficinas municipais ou a través do correo electrónico cultura@ribadeo.gal. **As bases de participación, fichas de inscrición e de declaración responsable** atoparanse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do portal www.ribadeo.gal.
- Na **ficha de inscrición** pídese nome e apelidos, DNI, domicilio, teléfono de contacto e nome da acción de Entroido que presentará no desfile.
- O **prazo de inscrición** comeza desde o día seguinte da publicación das bases no BOP ata o venres 13 de febreiro de 2026 ás 23:59h.

Inscripción no mesmo día:

- A inscrición poderase realizar tamén o mesmo día do desfile no espazo habilitado no Teatro de Ribadeo (rúa San Roque, 2), de 15.00h as 16.30h.

- **DORSAIS.** Os dorsais serán entregados entre as 15.30h ata as 16.30h na entrada do Teatro.

- **CONCENTRACIÓN.** Todas as persoas participantes no desfile deberán estar na ubicación (ao longo da Avda. Rosalía de Castro) que decidirá para elas a comisión organizadora e que comunicará aos participantes, cun mínimo de 15 minutos antes de comezar o desfile.

- **DESFILE.** Para un bo funcionamento do desfile terase moi en conta a fluidez da marcha dos distintos participantes, que deberán seguir as seguintes normas:

- En ningún momento do percorrido poderá haber máis de 15m de distancia entre grupo e grupo.
- As charangas, comparsas, grupos e carrozas non poderán facer máis de 1 parada de exhibición, diante da casa do concello, onde se situará o xurado.
- Cada parada de exhibición non poderá superar os 5 minutos de duración.
- Todos os participantes deberán respectar as indicacións dos membros da organización, debidamente identificados ao longo de todo o recorrido.



A SAÍDA DO DESFILE SERÁ ÁS 17:30 HORAS DO DÍA 17 DE FEBREIRO DE 2026

O non cumprimento destas normas será valorado negativamente polos membros do xurado.

Queda prohibida a participación de animais no desfile acompañando calquera colectivo, asociación ou participante individual.

- **XURADO.** O concurso terá un xurado composto por 11 membros: 7 vogais, presidenta (concelleira de Cultura), secretaria (técnica de Cultura) e 2 portavoces (a concelleira de Turismo e a presidenta da Comisión de Carnaval Ribadeo), estes catro últimos con voz pero sen voto. Os sete vogais serán persoas procedentes deste e doutros concellos da contorna, vinculados a ámbitos municipais coma o asociacionismo, a cultura, a comunicación, a imaxe, o deseño, etc., e serán nomeados por Resolución da Alcaldía antes da celebración do evento.

- **CRITERIOS DE VALORACIÓN:** O xurado terá en conta a hora de valorar os participantes:

- **ORIXINALIDADE:** Creatividade e novidade na temática, no vestiario, etc.
- **ESPIRITO ENTROIDEIRO:** Teatralidade e animación. Humor, interacción co público, retransca, simpatía, e capacidade de sátira. Co fin de conseguir un ambiente festivo que vaia máis ala do simple desfile.
- **MUSICA, LETRAS E COROGRAFIAS:** Se utiliza algún instrumento musical valórase máis que a musica enlatada. Valórase que as letras sexan orixinais e retransqueiras.
- **VESTIARIO, MAQUILLAXE:** Acabado do vestiario, complexidade, colorido, etc. Maquillaxe coherente co vestiario, vistoso, complexo, etc.
- **COMPLEMENTOS:** Leva algún tipo de complemento que enriqueza a escena. A decisión do xurado, respecto aos ganadores/as do concurso, será inapelable.

- **PREMIOS.** Apróbase a entrega de premios por unha cantidade total de 6900€, dos cales 1980€ serán financiados polo Concello de Ribadeo con cargo á partida orzamentaria 338-481.04. Os restantes 4920€ serán financiados a través de convenios con entidades privadas.

Para este concurso establécense os seguintes premios por categorías.

Premios na categoría **ADULTOS:**

•COMPARSAS E/OU CHARANGAS:

- 1º premio, 600€ .
- 2º premio, 500€.
- 3º premio, 400€.
- 4º premio, 300€.



5º premio, 200€.

6º premio, 100€.

• **CARROZAS:**

1º premio, 600€.

2º premio, 450€.

3º premio, 350€.

4º premio, 200€.

5º premio, 100€.

• **GRUPOS** (mínimo 3 persoas):

1º premio, 300€ .

2º premio, 250€.

3º premio, 150€.

4º premio, 100€.

• **PARELLAS:**

1º premio 200€.

2º premio 125€.

3º premio 75€.

4º premio 50€.

• **INDIVIDUAIS:**

1º premio 150€.

2º premio 100€.

3º premio 50€.

• **PREMIO ESPECIAL Á MELLOR “MASCARITA”:** 200€ .

IMPORTANTE:

- As persoas/grupos premiados, recibirán o importe en metálico ao finalizar o desfile, tendo que presentar fotocopia do DNI ou do CIF da asociación que representen.
- **A contía dos premios superiores a 300€ estará suxeita a retención que marca o RD 439/2007 do 30 de marzo, polo que se aplica a retención do IRPF, que será do 19%.**
- **Todas as persoas participantes, NO MOMENTO DA INSCRICIÓN, presentarán unha DECLARACION RESPONSABLE asumindo os seguintes termos:**

a)Que non se atopa incurso/a en ningunha prohibición para obter a condición de persoa beneficiaria de subvencións publicas das previstas no art. 13.2 da Lei



xeral de subvencións.

b) Que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda local, estatal, autonómica e co Concello de Ribadeo.

c) Que se atopa ao corrente no pago de obrigacións por reintegro de subvencións, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento da Lei xeral de subvencións.

(Xuntamos modelo de DECLARACION RESPONSABLE nas bases).

Canto aos premios nas **categorías INFANTÍS**: (Categorías infantís considéranse ata 16 anos)

• **GRUPOS** (mínimo 3 persoas):

- 1º premio 250€.
- 2º premio 200€.
- 3º premio 150€.
- 4º premio 100€.

• **PARELLAS:**

- 1º premio 200€.
- 2º premio 100€.
- 3º premio 75€.

• **INDIVIDUAIS:**

- 1º premio 150€.
- 2º premio 75€.
- 3º premio 50€.

Estes premios só poderán ser cobrados por unha persoa adulta, representante das nenas e nenos.

DISPOSICIÓN FINAIS. A organización reserva o dereito de modificar algunha destas bases, cando as circunstancias o requiran. A participación no concurso implicará a aceptación das bases.

Ribadeo, na data da sinatura electrónica

María Rocha García
Técnica de Cultura

Begoña Sanjurjo Santar
Concelleira de Cultura



SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO DESFILE DE ENTROIDO RIBADEO 2026

Don/Dona _____ con nº de DNI _____,
con _____ domicilio para os efectos de comunicación en _____, con
teléfono de contacto _____, como participante individual
ou en nome de _____

Solicito a inscrición na seguinte MODALIDADE (marca cun X):

CATEGORÍA DE ADULT@S

<input type="checkbox"/>	CHARANGAS/ COMPARSAS
<input type="checkbox"/>	CARROZAS
<input type="checkbox"/>	GRUPOS
<input type="checkbox"/>	PARELLAS
<input type="checkbox"/>	INDIVIDUAIS
<input type="checkbox"/>	MASCARITA

CATEGORÍAS INFANTÍS

<input type="checkbox"/>	GRUPOS
<input type="checkbox"/>	PARELLAS
<input type="checkbox"/>	INDIVIDUAL

A miña participación no desfile leva o título de

“ _____ ” Ribadeo, ____ de _____ do 2026

Asdo.:

A persoa que asina declara que coñece e acepta as bases do concurso



A persoa que asina declara que coñece e acepta as bases do concurso

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

D/Dna. _____,
con NIF _____, actuando en nome propio ante o Concello de Ribadeo no
ENTROIDO de 2026,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que é certa e completa a información que se fai constar na presente declaración:

- a) Que non me atopo incurso/a en ningunha prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións públicas das previstas no art. 13.2 da Lei xeral de subvencións.
- b) Que me atopo ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda local, estatal, autonómica e co Concello de Ribadeo.
- c) Que me atopo ao corrente no pago de obrigacións por reintegro de subvencións, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento da Lei xeral de subvencións.

E para que así conste e teña os efectos oportunos, asino este escrito en Ribadeo con
data ____/____/ 2026

Asdo.:

